



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES
8 DE FEBREIRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Área Metropolitana.
3. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.
4. Dar conta dos orzamentos participativos ano 2016.
5. Orzamentos participativos ano 2017.
6. Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e dez minutos, do día oito de febreiro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- José Alberto Pazos Couñago, representante do PP
- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Carlos González Domínguez, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Nuria Cristina Rodríguez Fernández, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 26.10.2016.

Apróbese a acta por unanimidade de todos os membros presentes.

2. Área Metropolitana.

O Presidente dálle a palabra a José Alberto Pazos Couñago para que explique a Área Metropolitana.

José Alberto Pazos Couñago explica o procedemento de aprobación da Área Metropolitana. Dende a Xunta se desplazaron a todos os concellos para facer as aportacións e se reuniron con todos os grupos políticos. Despois houbo periodos de negociacións dos 14 concellos, en febreiro a Xunta acorda facer unhas modificacións na Área Metropolitana e o Concello de Vigo accedía a incorporarse ao transporte metropolitano sen poñer un límite no número de usuarios. Foi avanzando, aprobouse a Lei da Área Metropolitana cunha cláusula na que era imprescindible que se



CONCELLO DE REDONDELA

incorporara o Concello de Vigo ao transporte metropolitano. A partir de aí o Concello de Vigo poñía trabas para incorporarse, despois cambian e dicen non estar de acordo, entenden que non pode ser gratuito o transporte urbano dentro de Vigo para os cidadáns dos outros concellos. O alcalde de Redondela, asiste a sesión constitutiva da Comisión da Área Metropolitana. O alcalde de Salvaterra que presidía a sesión decide suspendela por no cumprir cos requisitos esixidos. A partir de aí se levantou a sesión e se postulou Abel Caballero como presidente e votan todos a favor agás AER.

Indica que a Xunta di que non se pode avanzar e leva o tema ao contencioso-administrativo. O transporte está operativo excepto que non se pode utilizar en Vigo. Se pode utilizar en Santiago, Coruña, etc menos en Vigo que é donde é máis necesario. Se pide que o alcalde de Vigo cumpra co que firmou. O prezo do Vitrasa o pagaría a Xunta sobre 80 e algo de céntimos e a diferenza o Concello de Vigo. O concello de Redondela leva un ano poñendo cartos nese plan de transporte que coa tarxeta abarata moito o prezo.

Continúa dicindo que, a Xunta de Galicia di que no momento que Vigo se adhira ao transporte, retira o contencioso-administrativo. A día de hoxe a Área Metropolitana non presta ningún servizo agás o gasto de persoal.

Leonardo Cabaleiro Couñago, contéstalle que a información que está dando é como membro do PP non como membro do goberno municipal. Entende que é un mitin sesgado do PP, veñen a dar a opinión do partido. O alcalde foi reprobado no último pleno. O alcalde foi elixido polos veciños de Redondela e vai a constitución da Área Metropolitana representando a todos os cidadáns de Redondela. O PP non está lexitimado para falar diso porque o alcalde se levantou cando tiña que defender os intereses dos cidadáns.

Francisco J. Táboas Carrera indica que lle parece patético, non dá veracidade ao que di Alberto Pazos e Leonardo. É unha película que contan eles. Entende que outra cousa sería explicar a Área Metropolitana.

José Alberto Pazos Couñago aclara que o alcalde lle encarga a el explicar a Área Metropolitana porque viviu todo o proceso dende o principio ata o final. Entende que distinguíu entre os feitos constatados e a opinión. Indica que o presidente da sesión a suspendeu por iso se levantou o alcalde.

Continúa dicindo que a Área Metropolitana non está funcionando porque non se está aplicando o transporte metropolitano. A Lei di que mentras non se poña en marcha o transporte non hai Área. Hai dous informes, un que pedído polo Concello de Vigo e outro polos concellos de Redondela e Mos. O alcalde actuou de acordo ao informe do Consello Consultivo, ao considerar que a Área non está constituída legalmente no forma parte dela. Moitos veciños pediron a mellora do transporte directo ao Álvaro Cunqueiro, unha infraestrutura básica (0,83 se hubiera acordo) agora 0,83 máis 0,40 e deben saber de primeira man a información.

Leonardo Cabaleiro Couñago indica que o alcalde foi reprobado por unha actuación que os membros do Pleno entenderon que non actuou en representación dos cidadáns de Redondela e non asiste á sesión da Área Metropolitana.



CONCELLO DE REDONDEIRA

José Alberto Pazos Couñago lle contesta que non está constituída legalmente por iso non asisten ás sesións da Área Metropolitana.

3. Borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais.

O Presidente explica que é para dar a información do borrador, se chegou a esa conclusión e se lles pasou para que o miren e se queren facer algunha aportación a presenten por rexistro ou correo electrónico.

4. Dar conta dos orzamentos participativos ano 2016.

O Presidente informa en que se invertiron os orzamentos 2016: se fixo a beirarrúa do colexio e o alumbrado do campo do cura.

En relación a isto, Arsenio Martínez Ricón dílle que se pediu que se ilumine a pista.

O Presidente lle aclara que se acordou iluminar tamén o aparcamento. Se agora acordan cambialo se fai.

O Presidente continúa explicando que para o camiño baixada ao Apeadeiro compráronse 4 postes, os orzamentos non deron para máis, están depositados no campo de fútbol e en canto se poida se colocarán co cableado.

5. Orzamentos participativos ano 2017.

O Presidente explica que é para que fagan aportacións.

Leonardo Cabaleiro Couñago pide dende o PSOE que non se fagan os orzamentos como se está facendo, cunha distribución lineal do 1% esa cantidade non chega para actuacións importantes. Teñen que participar os distintos colectivos e facer propostas.

Jorge Rodríguez Crespo expón a proposta do Círculo Cultural e do Club de Remo, son tres puntos:

1º.- No edificio do Centro Cultural necesitan colocar os canlóns por humidades, etc. Pediu un presuposto e serían uns 2.500 euros incluíndo os canlóns e baixantes.

2º.- Na rúa de Zacande solicitan se coloque unha bionda de protección.

3º.- E co resto do orzamento, que se fagan as beirarrúas dende o colexio ata onde cheguen os cartos.

Francisco J. Táboas Carrera di que se se fan instalacións hai que conservalas.

D. Leonardo Cabaleiro Couñago discrepa co tema das beirarrúas, había un plan para traer a zona urbana ata o colexio no que as beirarrúas son imprescindibles.

O Presidente indica que entende o que quere facer o Círculo investir na seguridade, e se se pode facer un trozo de beirarrúa é mellor que nada. As beirarrúas están solicitadas a Fomento pero a resposta é que non hai cartos.



CONCELLO DE REDONDELA

Francisco J. Táboas Carrera indica que en Redondela limpan sempre, en Cesantes non.

O Presidente lle contesta que se limpa a parroquia unha ou dúas veces ao ano e o fan antes de que pase a procesión para que todo o mundo a mire limpa.

Leonardo Cabaleiro Couñago pide que o Goberno faga algo para que os colectivos falen e se entendan entre si, que os motiven.

Mercedes Iglesias Bouzón indica que ela quería a colocación do contenedor das algas e non se pode. Hai que falar as cousas para poñerse de acordo.

O Presidente lle indica porqué o concello non pode colocar o contenedor.

Leonardo Cabaleiro Couñago pide que non se diga que se queda sen orzamentos participativos por non aprobarse o orzamento. E no caso de que non se aproben que non quede no aire o tema dos canlóns do centro. Roga que dada a necesidade dos canlóns se habilite unha partida para iso, igual que a bionda de Zacande.

O Presidente aclara que os colectivos poden facer peticións pero se o piden a través do consello ten máis forza.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández indica que o tema das fiestras do colexio se pediu polo consello. Polo que agora está de acordo en incluír os canlóns. Ademais, pregunta pola beirarrúa e a tala da árbore.

O Presidente di que a árbore quitouse por un perigo de caída. Cando empezou a obra a idea era quitar as raíces e cando quitaron a primeira raíz chegaba ata o portal do colexio. Consultado co aparelador municipal, acordouse non quitar o tronco, se lle fixo unha base e quedou como un banco.

O Presidente pregunta se se aproban os orzamentos participativos.

6. Rogos e preguntas.

O Presidente informa que o 14 de febreiro ás 17: 00 horas na lonxa vai o delegado de Portos de Galicia para explicar o proxecto e estudo de correntes mariñas.

Continúa indicando que a subvención da fonte de Neira non se concedeu. A idea é seguir buscando outra subvención ou facelo o concello cos orzamentos.

Arsenio Martínez Ricón reitera a petición de cambiar o aparcamento na estrada ao campo de fútbol do Choco, en fronte do taller de motos.

O Presidente lle contesta que xa llo comunicou ao concelleiro de tráfico, Arturo González, e lle comunicou que se está preparando o pintado de varias zonas e espera que se inclúa esa.



CONCELLO DE REDONDELA

José Ramón Bouzón Loureiro, indica que dende o apeadeiro ata a praia empoza a auga e o camiño queda inutilizado. O mellor é falar co propietario para botarlle algo para que non empoce a auga.

O Presidente lle indica que donde empoza a auga é nun terreo privado, dende o Mesón cara riba.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández pregunta se o tellado da casa do conserxe se vai arranxar.

O Presidente lle contesta que están con ese tema, cre que se vai a cambiar o tellado.

Ademais, a Sra. Rodríguez Fernández pregunta cando se vai a limpar a parte de atrás do colexio, onde está o transformador, é o único que está sen limpar.

O Presidente lle indica que hai problemas entre os familiares e non saben de quen é.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández continúa preguntando onde está a marquesiña que falta en Catapeixe. Dende a ANPA piden que se volva a poñer.

Así mesmo, indica que na acta do 04.03.2015 se pedía o asfaltado dos baches do aparcamento, pregunta cando se vai asfaltar, o leva pedindo dende o 2015.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as dez horas e trece minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.